



ATENCIÓN TEMPERÁ

QUE PAPEL DESEMPEÑA
O/A PSICÓLOGO/A?

O/A profesional da psicoloxía desempeña un papel esencial na Atención Temperá, contribuíndo ao desenvolvemento integral, benestar infantil e inclusión social e escolar desde unha perspectiva preventiva, individualizada e especializada, acompañando ao menor e á súa contorna nesta importante primeira etapa da vida.



Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá

Consellería de Política Social
e Igualdade,
Xunta de Galicia 2015.

Consenso estatal para a mellora da atención temperá.

Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030-2025.
Ministerio de Dereitos Sociais,
Consumo e Axenda 2030
<https://dsca.gob.es/>

Ministerio de Sanidade
<https://sanidad.gob.es/>

Grupo Intersectorial de Atención Temperá



COLEXIO OFICIAL
DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

www.facebook.com/copgalicia
X ▶ @copgalicia
Instagram ▶ @copgalicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Telf.: 981 534 049

copgalicia@copgalicia.gal · www.copgalicia.gal

QUE É A ATENCIÓN TEMPERÁ?

O desenvolvemento infantil é un proceso complexo no que interveñen múltiples factores emocionais, cognitivos, conductuais e sociais. Por iso, resulta fundamental contar con profesionais con formación específica que poidan realizar unha avaliación rigorosa, así como intervencións axustadas ás necesidades de cada neno/a e a súa familia.

A Atención Temperá engloba a prevención e intervención dirixida a nenos e nenas de 0 a 6 anos, as súas familias e a súa contorna, co obxectivo de dar resposta de forma precoz a posibles dificultades no desenvolvemento ou situacións de risco.

A prevención temperá e especializada marca unha diferenza significativa no desenvolvemento infantil e benestar socioemocional.

FUNCIÓNS PRINCIPAIS DO PSICÓLOGO/A

► PREVENCIÓN

Actuacións dirixidas a toda a poboación co obxectivo de minimizar dificultades actuais ou futuras no ámbito social, emocional, cognitivo e motor.

► AVALIACIÓN E DIAGNÓSTICO

Valoración das necesidades do menor e a familia, así como detección precoz de posibles trastornos do desenvolvemento ou outras condicións que requiran atención psicolóxica. Elaboración de informes onde se recolle o proceso complexo de avaliación e intervención co menor.

► INTERVENCIÓN TERAPÉUTICA

Deseño e implementación de intervencións individualizadas orientadas a favorecer o desenvolvemento infantil (emocional, cognitivo, motor e social).



APOIO E ASESORAMENTO FAMILIAR

Asesoramento e acompañamento a familias e cuidadores, favorecendo estratexias de adaptación e benestar emocional, tales como a xestión do comportamento, a promoción da autonomía, a mellora da dinámica familiar etc.

COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL E INTERDISCIPLINAR

Traballo conxunto con outras institucións (centros educativos, servizos sociais, unidades hospitalarias etc.) e profesionais implicados na atención ao menor (logopedas, fisioterapeutas, educadores, pediatras etc.) para ofrecer unha intervención integral.

INVESTIGACIÓN PROFESIONAL

Desenvolvemento de ferramentas e coñecementos actualizados baseados na evidencia científica e na evolución do desenvolvemento infantil.

FORMACIÓN

Promoción da formación e divulgación en Atención Temperá entre os profesionais implicados no desenvolvemento e benestar infantil.

